


Posta en valor do Porto Pesqueiro de Camelle: MAN, MAR ARTE E NATUREZA

TIPO DE PROXECTO: Cultural/Turístico/Tecnolóxico

Enlaces: www.mandecamelle.com

Concello: Camariñas

Provincia: A Coruña



“Posta en valor do porto pesqueiro de Camelle: Man, mar, arte e natureza” é un proxecto GAC que desenvolve un produto turístico mediante a posta en valor e recuperación da obra de Manfred Gnädinger, cuxa manifestación artística está integramente vencellada ao mar.


Man recibía en vida numerosas visitas, a singularidade e autenticidade do artista atraía a xente procedente de todas partes do mundo, aos que recibía no seu xardín-museo, e por un euro facía unha visita guiada que remataba coa solicitude de participación dos visitantes mediante un debuxo nas súas famosas “libretiñas”. Un proxecto museístico espontáneo, explotado e conservado polo propio artista. Cando Man morre en 2002, deixa orfa a súa obra vital.

A recuperación e actualización deste activo turístico foi o obxectivo principal do proxecto que busca facilitar o acceso a Camariñas dun novo tipo de visitante vencellado ao turismo artístico-cultural, ofertando un programa expositivo e informativo sobre o Mar, a Arte e a Natureza. Na Casa do Alemán de Camelle, levouse a cabo o estudo e musealización da obra de Man onde o visitante pode desfrutar de imaxinarium do artista e, a través da sinalética e as novas ferramentas TIC, achegarase ao territorio onde habitaba.

ELEMENTOS SALIENTABLES

- A posta en valor dun recurso local artístico e sustentable coa creación dun proxecto expositivo permanente.
- Potenciación da economía local.
- Implementación do potencial das TIC e as bases de datos como recurso de recuperación do patrimonio.
- As redes sociais como estratexia de difusión e documentación.
- Creación de marca turística.
- Fomento intercambio experiencias con entes semellantes.
- Colaboración con tecido asociativo, confradía de pescadores e Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia.

www.mandecamelle.com
mandecamelle@gmail.com
www.proyectopia.com



ENTIDADE PROMOTORA:

Concello de Camariñas



AEDL:

Emilio González

ENTIDADES COFINANCIADORAS



ENTIDADE/EMPRESA EXECUTORA

